



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 832 Semana do 6 ao 12 de maio de 2019

UGT-GALICIA PROPÓN UN PLAN DE CHOQUE POLO EMPREGO E MELLORAR A EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS EN PARO

O Sindicato denuncia que o peso dos contratos a tempo parcial ou temporais ocupa cada vez maior parte do mercado laboral

Redacción.- Aínda que o paro baixa, propio deste mes, despois das contratacións de Semana Santa e xa o comezo das contratacións do verán, é dicir, de novo un claro comportamento estacional, a UGT-Galicia preocúpalle moito o peso dos contratos a tempo parcial e os temporais, así como, o elevado volume de desemprego estrutural, de longa duración, sen dereito a prestacións, consecuencia da ausencia histórica das políticas de emprego axeitadas.

O Sindicato considera que o Goberno que se configure tras as recentes eleccións, así como a Administración galega dentro das súas competencias, deben configura un plan de choque polo emprego con carácter inmediato para establecer medidas vinculadas á preservación do medio ambiente, como a limpeza das ribeiras dos ríos, os bosques e as costas. Ademais de profundar na protección ás persoas, fortalecer o papel dos servizos públicos de emprego e mellorar a empregabilidade das persoas no desemprego.

Así, en Galicia contráese o paro no mes de abril un 2,7%, evolución similar con respecto ao que sucede no Estado, no que cae tamén o 2,8%. Temos 166.226 persoas desempregadas en Galicia, 4.615 menos que no mes anterior. No Estado hai 3.163.566 persoas desempregadas, unha contracción no mes de 91.518 persoas.

Se temos en conta a variación interanual, hai en Galicia unha contracción do 8,8%, 16.065 persoas desempregadas menos e neste caso cunha contracción moito maior que na media estatal, onde foi do -5,2% (172.302 menos).

Por sexos, hai unha mellor evolución do desemprego nos homes, xa que neles cae no mes no 3,1% e nas mulleres cae menos, o 2,4%. Incrementa a peor posición das mulleres que os homes, hai unha fonda brecha por sexos no desemprego, o 57,8% do total. As cifras falan por si mesmas, 70.068 homes e 96.158 mulleres. No ano mentres que nos homes cae o 10,3% nas mulleres o 7,7%.

Son 8.070 mozos e mozas menores de 25 anos desempregados, cae no mes o 4,5%, con maior intensidade, 1,8 puntos máis que no conxunto de idades. No ano a caída tamén moi superior á do conxunto de idades, nos menores de 25 anos diminúe o 11,3%.

Ao analizar por sectores de actividade, prodúcese unha contracción en todos os sectores, con maior contundencia nos servizos, o -3,4%; o -2,0% na construción; o -1,3% na industria; o -0,7% no sector primario e o -0,4% no colectivo de sen emprego anterior. Nos servizos cae o desemprego en 3.991 persoas, o 87% da caída do paro. Nun mes que inclúe a Semana Santa, o turismo, comercio e hostalaría disparan as súas contratacións. Tamén é un mes no que se abren moitas contratacións fixas descontinuas ate outubro.

En termos absolutos, dado o seu volume de ocupación, de terciarización da economía, no que máis se contrae é no dos servizos, no ano -8.931. Na construción contráese o -19%; no colectivo sen emprego anterior, o -9,4%; na industria o -9,1%; no primario, o -8,2%; e nos servizos, o -7,3%.

Cos datos de abril compróbase que se fixeron 83.967 contratos nun mes para un incremento de 6.187 afiliados tan só, medrando con respecto ao mes anterior o 11,2%. No mes medra tanto a indefinida como a temporal, pero mentres que na indefinida medra un 1,6%, na temporal faino o 12,2%. No mes de abril, pola Semana Santa, as contratacións temporais dispáranse.

Con respecto ao ano pasado, aumento do 2,6% da contratación, pero caída contundente da indefinida, o -11,2%, e medra o 4,1% a temporal.

A porcentaxe de contratación indefinida é



do 8,69% (no mes de abril do ano pasado foi superior, o 10,4%). Pero temos que ter en conta que o ano pasada a Semana Santa non foi en abril.

O número de beneficiarios de prestacións foi de 89.879 (último dato dispoñible o de marzo). A taxa de cobertura foi do 57,5%, deixando fora do sistema de protección por desemprego a 80.972 persoas, tendo en conta tanto aos que teñen dereito a cobertura por desemprego como aos que non o xeraron previamente. No Estado a taxa de cobertura é superior no mes, do 59,6%.

Hai 40.274 persoas beneficiarias de prestacións por desemprego de carácter contributivo, tan só o 44,8% do total, o que indica a precariedade na cobertura por desemprego, e cun importe medio de 789,3euros (contía media prestación contributiva percibida por beneficiario (euros/mes)). (817,8 euros no Estado)

A gran maioría da cobertura dos desempregados é de carácter asistencial, ben sexan Subsidio (42.266) Renda activa de inserción (7.332 persoas perceptoras) ou Programa de activación emprego (7 persoas beneficiarias).

Supérase o millón de persoas afiliadas/cotizantes a Seguridade Social, foron 1.010.592 as persoas no mes, medrando con respecto ao mes anterior o 0,6%, evolución menos acusada que no Estado no que medra o 0,98% (hai 19.230.362 afiliados / cotizantes).

No ano en Galicia medra un 2,14% en 21.175 persoas, con menor incidencia que no Estado, onde foi do 2,95% (551.901 máis).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

OS TRABALLADORES DE POLIGAL PEDIRON SOLUCIÓNS FRONTE Á DELEGACIÓN DO GOBERNO

Redacción.- Os traballadores de Poligal retomaron o calendario de mobilizacións para demandar solucións ao futuro da factoría de Narón e a continuidade do emprego. Este mércores concentráronse fronte á Delegación do Goberno na Coruña, mentres, no interior, o Comité de empresa reuníase co titular deste organismo, Javier Losada.

Os traballadores esixen unha implicación tanto por parte do Goberno central como da Xunta na busca de solucións e alternativas ao peche da fábrica. Agora mesmo o ERE xa se atopa en fase de negociación.

Rafael Souto (UGT), presidente

do Comité de empresa, apuntou que o delegado do Goberno comprometeuse a contactar co director xeral de Industrias para coñecer que xestións se están realizando.



Tamén fixo un chamamento á Xunta para que redobre os seus esforzos e para que o interese mos-

trado por posibles inversores se transforme nunha alternativa real e viable de cara ao futuro.

PEPE ÁLVAREZ RECLAMA A VIABILIDADE DAS PLANTAS DE ALCOA

Reclama ao novo Goberno aprobar o estatuto das industrias electrointensivas o antes posible

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, afirmou que “hai que manter a viabilidade e a actividade das dúas fábricas de Alcoa, tanto a de Avilés como a da Coruña. A empresa ten que cumprir o compromiso que adquiriu a finais de ano cos traballadores e o Goberno debe aprobar, canto antes, o estatuto das industrias electrointensivas que eleve a 200 millóns as axudas compensatorias por custos de emisións indirectas de dióxido de carbono. Se todo o mundo é consciente disto, o proceso chegará a bo termo”.

Pepe Álvarez realizou estas declaracións tras a súa reunión coa sección sindical de UGT nas fábricas de Alcoa na Coruña, A Mariña e Asturias, onde sinalou que “nesta última campaña electoral falouse de cambio de modelo produtivo, da necesidade de combater a precariedade laboral e imos esixir que a palabra cambio de modelo produtivo non sexa unha palabra que vén a conto cada vez que hai eleccións, senón que se poida converter en realidade no noso país”.

Nese sentido, “cremos que é plenamente compatible o respecto ao medio ambiente, a transición ecolóxica necesaria e a loita contra o cambio climático coa industria. Podemos ter unha industria que favoreza estes factores”.



O secretario xeral de UGT manifestou que os grupos parlamentarios “tamén teñen que ratificar este estatuto das industrias electrointensivas. Tíñase que aprobar antes. Pero isto non pode ser un impedimento para que os acordos establecidos cumpran, é dicir, que haxa empresas ás que se lles poida adjudicar as fábricas de Alcoa, preferentemente a mesma para as dúas fábricas. Alcoa ten que poñer o estipulado, un prezo razoable para garantir a continuidade. O Goberno ten que poñer o prezo da enerxía nos mesmos niveis cos que existen na Unión Europea. A partir de aí, empezar o proceso de adjudica-

ción de traballadores e produción nas empresas”.

“Non imos aceptar ningún tipo de escusa”, asegurou. “Os traballadores cumpriron. Chegamos a uns acordos nada fáciles de ratificar nas fábricas. Agora toca a parte das administracións. Dous elementos fundamentais van guiar este proceso: a mobilización e a vía xurídica. Non imos deixar de insistir en que os acordos se cumpran. Non hai ningunha razón para que non se cumpran. O tempo non pode ser o elemento que non permita ás dúas fábricas continuar coa súa actividade”.

MANIFESTACIÓN NAS PONTES CONTRA OS RECORTES EN ENDESA

Redacción.- Na mañá do pasado mércores tivo lugar nas Pontes unha multitudinaria manifestación que congregou a traballadores en activo de Endesa, pasivos e veciños para denunciar a situación na que se atopan as negociacións do IV convenio marco de Endesa.

A compañía propón a eliminación de boa parte dos beneficios sociais, o que levou á parálise de dita negociación e o final do período de ultraactividade do antigo convenio.

Nicasio Pena, traballador de Endesa e responsable do Sector enerxético de UGT-FICA-Galicia, asegurou que “dende o Comité de empresa estamos dispostos a negociar e chegar a un acordo pero para que o novo convenio fructifique a outra parte tamén ten que estar involucrada”.



Apuntou que o tempo corre en contra dos traballadores porque púxose como tope o 30 de xuño, se non se chega a ningún acordo, a empresa comezará a executar as medidas que afectan, sobre todo, aos pasivos.

Tamén criticou que, a pesar da importancia do tema, hai dúas semanas que non hai reunións e a próxima está para o día 14, aínda que o desinterese da dirección fai que estas non duren máis dunha hora.

OS TRABALLADORES DE MEIRAMA PROTAGONIZAN UNHA ANDAINA PARA DEMANDAR O MANTEMENTO DO EMPREGO

Redacción.- Traballadores da central térmica de carbón de Meirama realizaron o pasado luns unha marcha de dez quilómetros entre Mesón do Vento e Cerceda para reclamar solucións ao Goberno central e á Xunta ante o peche anunciado por Naturgy.

Ao rematar a marcha o Comité de empresa reuniuse en Cerceda co alcalde desta localidade, xunto co de Ordes.

Ao Executivo central se lle pide que aclare a quen se prevé destinar as subvencións aos centros afectados e a que cantidade ascenden e á Xunta pídeselle que obligue a Naturgy a facer o investimento necesario para garantir os postos de traballo. Á dirección de Naturgy demándaselle que explique o funcionamento da planta de Meirama a partir de agora, que concrete os investimentos que no seu momento anunciou e que especifique posibles plans de recolocación.



FE SP ASINARÁ O XII CONVENIO DE CENTROS DE ASISTENCIA E EDUCACIÓN INFANTIL

Redacción.- FeSP amosa a súa satisfacción polo preacordo alcanzado na última reunión da Comisión negociadora do XII Convenio colectivo de ámbito estatal de centros de asistencia e educación infantil e manifesta que asinará dito Convenio.

O novo articulado, que se asinará o 22 de maio, incorpora incrementos nos próximos tres anos que permiten recuperar o poder adquisitivo de máis de 75.000 traballadores do sector e que oscilan entre o establecido no

AENC e ata un 19,6%, dependendo da categoría e da tipoloxía do centro. FeSP considera que as traballadoras e traballadores das escolas infantís necesitan esta actualización. De non asinarse o texto veríanse indefinidamente eternizados os seus salarios ao SMI en todas as categorías dende educador, auxiliares ou persoal de servizos xerais. Precisamente, co novo Convenio as educadoras das escolas infantís privadas dispoñerán dun salario de 930 euros, máis o complemento individual de perfeccionamento profesional.

Respecto ao 80% das traballadoras do sector de redes de escolas públicas pero de xestión privada o futuro convenio prevé incrementos salariais moi por enriba dos actuais e que permiten a recuperación do poder adquisitivo das traballadoras do sector. Polo tanto, tras dous anos de negociación, FeSP considera que chegou o momento de asinar e non apoia ningunha mobilización dos que queren emprender unha procura de argumentos para xustificar a súa ausencia da firma dun convenio colectivo tan importante.

OS REPRESENTANTES DE UGT, CCOO E CIG EN PSA-VIGO PÉCHANSE NA FACTORÍA PARA DENUNCIAR OS ALTOS NIVEIS DE CARGA DE TRABALLO

UGT-FICA Vigo insta a retomar o diálogo necesario para buscar solucións que garantan unhas condicións de traballo dignas para todos os empregados de PSA Vigo

Redacción.- A representante de UGT en PSA Vigo, Ana Belén Valiñas, xunto aos seus homólogos de CCOO e CIG, pecháronse esta semana na factoría viguesa para denunciar os altos niveis de carga de traballo.

UGT-FICA Vigo expresa publicamente o seu apoio aos compañeiros e compañeiras da Sección sindical de UGT en PSA Vigo, así como ao conxunto dos traballadores da factoría olívica.

UGT-FICA Vigo considera necesario retomar os camiños do diálogo para buscar solucións reais a unha problemática que nos últimos meses se está a ver acentuada, como é a alta carga de traballo que padecen os traballadores e as traballadoras.

UGT entende que o diálogo social na busca de equilibrios entre os intereses da

empresa e os dos traballadores debe ser unha prioridade para a Dirección de PSA.

De feito, UGT-FICA Vigo insiste en que os avances máis importantes que esta compañía viviu na comarca viguesa ao longo dos máis de 50 anos de historia que ten viñeron da man de solucións compartidas entre as diferentes partes, sindicatos e empresa.

Polo tanto, UGT-FICA Vigo apela á responsabilidade para buscar solucións satisfactorias que permitan aos traballadores e



traballadoras de PSA Vigo desempeñar as súas tarefas en condicións óptimas e dignas, xa que ninguén debe esquecer que o capital máis importante de calquera empresa son os seus traballadores e traballadoras.

A LUÍS TILVE E UGT-COMPOSTELA ORGANIZARON A CONFERENCIA “O MOVEMENTO OBREIRO SOCIALISTA NA II REPÚBLICA”

Redacción.- No marco da conmemoración do 130 Aniversario da UGT, e coa intención de complementar a exposición 130 anos de loitas e conquistas, que pode visitarse actualmente e ata o 16 de maio no centro sociocultural de Fontiñas (Santiago de Compostela), a Fundación Luís Tilve e a UGT-Compostela-Barbanza organizaron un acto o pasado martes 7 de maio no que o doutor en Historia Manuel González Probados impartiu unha conferencia sobre “O movemento obreiro socialista galego na II República”.

Nela, o profesor Probados explicou que a chegada da República supuxo a normalización democrática do país dentro do contexto europeo e fomentou a afiliación dos cidadáns a organizacións obreiras, como a UGT e o PSOE, así como a proliferación de prensa obreira.

Supuxo, ademais, unha revolución xurídica e reformista, especialmente dende o Ministerio de Traballo, dirixido polo socialista e uxetista, Francisco Largo Caballero, dende o cal se desenvolveu unha ampla lexislación de carácter social que buscaba reducir o retraso que España



levaba con outros países.

Deste xeito, dende o Estado interviuse a favor dos máis desfavorecidos, con seguros sociais, como o de maternidade, o cumprimento da xornada de 8 horas (as mulleres facían xornadas de máis de 12 horas), a lei de contrato de traballo por escrito, a lei de xurados mixtos, etc. Avances sociais que se viron freados en 1934 coa entrada no goberno da dereita unida na CEDA e a división dos partidos de esquerda, que volveron a unir as súas forzas na Fronte Popular para recuperar a di-

rección do Estado en 1936, coa intención de retomar as reformas que, definitivamente, paralizou o golpe de Estado e o franquismo durante máis de 40 anos.

O acto, que foi presentado pola secretaria xeral de UGT-Compostela-Barbanza, Inmaculada Sieiro, contou tamén coa intervención do secretario da Fundación, Rogelio Pérez, quen fixo unha introdución dos inicios do socialismo compostelán. A exposición poderá visitarse posteriormente, do 28 de maio ó 18 de xuño, no centro sociocultural de O Castiñeiríño, en Santiago.

OS TRABALLADORES DAS BIBLIOTECAS DA CORUÑA EN FOLGA A PARTIR DO 20

Redacción.- Os traballadores das bibliotecas municipais da Coruña, dependentes de LTM Bibliotecas, veñen de anunciar folga indefinida a partir do día 20.

Manifestan o seu malestar pola actitude do Concello que anunciou a internalización do servizo pero en ningún momento a levou a cabo nin definiu a fórmula deste proceso. Deixando aos traballadores nunha situación difícil cando remata o contrato de LTM Servizos Bibliotecarios e manifesta a empresa que non quere continuar co servizo. Isto está levando ao pago con-

tra factura mes a mes e, como consecuencia, o impagamento de nóminas.

FeSMC manifesta a incapacidade do Concello para levar adiante de forma solvente, rigorosa e fiable o proceso de internalización e a súa incapacidade para cumprir os compromisos.

Todo isto empraza aos traballadores nunha situación dunha vulnerabilidade absoluta que xa non poden aguantar máis e que os leva á convocatoria da anunciada folga, se non se resolve antes o problema.

UGT GAÑA AS ELECCIÓNS EN PYCSECA CORUÑA

Redacción.- FeSMC-Coruña informa que vén de gañar as eleccións sindicais na empresa de seguridade Pycseca, co respaldo de 74 votos, o que supón obter tres delegados.

Pola súa banda, a CIG obtivo seis votos e CCOO dous.

FeSMC saúda o resultado e agradece a confianza depositada polos traballadores, tanto na xestión pasada, como no proxecto de futuro.

A FISCALIZACIÓN PREVIA DOS LISTADOS DE PERSOAL A SUBROGAR, EIXE CENTRAL DO RECURSO

UGT e CCOO PRESENTAN RECURSO CONTRA O PLAN XERAL DE TRANSPORTES DA XUNTA

Redacción.- UGT e CCOO veñen de presentar Recurso no Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia, que xa tiña decretada a suspensión cautelar do mesmo por sendos recursos das patronais do sector. Con este recurso trátase de afondar máis no respecto dos dereitos lexítimos das persoas traballadoras, cousa que non fixeron as alegacións presentadas ata o momento.

Os motivos que esgrime o recurso presentado polas dúas centrais máis importantes do sector de transporte de viaxeiros en Galicia refírense, basicamente, á ausencia de fiscalización previa por parte da

Consellería respecto ós datos informados polas empresas que actualmente prestan os servizos en relación ó persoal obrigado a subrogar. Estas traballadoras e traballadores teñen a consideración de persoal propio da concesión con todo dereito de permanencia.

Trátase pois de cuestións técnicas e non puramente económicas, aínda que resulta evidente que repercuten indirectamente nos presupostos. As cuestións exclusivamente económicas refírense máis a un interese patronal, debendo a parte sindical, neste caso UGT e CCOO, afondar máis profundamente nos intereses sociais e da

clase traballadora.

Os acordos das cláusulas sociais asinados ca Consellería en materia de subrogación veñen a garantir o traspaso dos traballadores afectados nas súas condicións actuais, entre outros aspectos moi importantes, pero esta falla de control sobre os listados que forman parte dos pregos por parte do órgano licitador, a xuízo de CCOO e UGT, pode causar incertidume e inseguridade entre parte dos traballadores afectados.

Co recurso presentado trátase de por fin a este feito.

UGT DENUNCIA A DISCRIMINACIÓN DOS NOVOS PREGOS DO TRANSPORTE SANITARIO URXENTE COA MARIÑA LUCENSE

Redacción.- FeSP-UGT denuncia a situación de discriminación á que se ve sometida, por parte do 061 e do Sergas, a Mariña lucense cos novos pregos de contratación do transporte sanitario urxente.

Xa que, no novo contrato á ambulancia de Soporte Vital Avanzado (SVA), con base en Foz pero que da cobertura sanitaria urxente a toda a comarca, supriméselle un Técnico de Emerxencias Sanitarias (TES). Ata o momento a dotación desta ambulancia era de dous TES, un médico e un DUE.

Hai que facer fincapé na importancia da correcta dotación desta ambulancia, xa que é a encargada de atender os casos de urxencias e emerxencias máis graves en toda a comarca, en moitas ocasións, situacións

de risco vital.

E, neste contexto de gravidade e urxencia, o TES é unha figura imprescindible para dar a mellor resposta a estas situacións críticas. Ten funcións propias e a súa colaboración resulta fundamental para a rápida localización do punto de emerxencia, para a atención de accidentes con múltiples vítimas, para a redución de doentes alterados ou agresivos, para a rápida recollida e entrega de doentes en transporte interhospitalario, para a actuación en paradas cardíacas, politraumatismos, inmovilizacións....Nos propios protocolos de actuación do 061 veñen recollidas as súas funcións. Polo tanto, a súa supresión implica un claro e innecesario empeoramento na calidade do servizo.

Para UGT, trátase dun claro trato discriminatorio porque de todas as ambulancias de soporte vital avanzado existentes ata o de agora en Galicia é na única que se suprime un TES e, ademais, a esta situación hai que sumarlle o feito de que xa con anterioridade a ambulancia de Soporte Vital Básico con base en Foz pasou de ter unha operatividade de 24 horas ao día a 12. Todo isto cando noutras zonas de Galicia non só non se recortan, senón que se amplían os recursos existentes.

Por todo isto, FeSP-UGT demanda que se manteñan os dous TES na ambulancia de SVA con base en Foz e que se amplíe a operatividade da de Soporte Vital Básico ás 24 horas, como xa tiña antes.

UGT RENOVA O SEU COMPROMISO CO PROXECTO EUROPEO NO DÍA DE EUROPA

Redacción.- A paz, as liberdades individuais e colectivas, o benestar social e os Dereitos Humanos son as bases fundacionais da Unión Europea, ameazada hoxe por unha desafección cidadá que é preciso animar no convencemento que a lexitimidade democrática de Europa non pode cuestionarse e por iso é necesario volver xerar un sentimento de pertenza europea desde a educación e a transmisión dos seus valores.

O modelo de liberdade e benestar debe estar máis que nunca presente en todos os Estados membros, deixando de culpabilizar a Europa por intereses partidistas e reducindo a desigualdade social. Europa non pode ser culpabilizada de todos os males, posto que as decisións no seu seo as toman os Gobernos da Unión Europea.

Neste 9 de maio, e tan preto da convocatoria de eleccións europeas o vindeiro domingo 26 de maio, pedimos de novo avanzar cara a Europa social, cambiar o paradigma cara a un modelo social alternativo baseado na solidariedade, a integración, a xustiza social, unha distribución

xusta da riqueza, a igualdade entre mulleres e homes, educación pública e de calidade, emprego de calidade e crecemento sustentable. Queremos un modelo que asegure a igualdade e a protección social, empodere aos grupos máis vulnerables, reforce a participación cidadá e mellore o nivel de vida de todas e todos.

Para UGT, é imprescindible reforzar o diálogo social no seo das institucións europeas, xa que gran parte da normativa que temos no noso país procede das normas europeas. Neste sentido, o sindicato reivindica o papel indispensable de interlocutores sociais para seguir traballando en prol dunha Europa máis xusta e solidaria.

As transformacións do traballo obríganos, máis que nunca, a pedir e traballar para a articulación de transicións xustas que non deixen ás persoas de lado e crear novas oportunidades de empregos de calidade e mellorar o nivel de vida, tra-



ballando por unha Europa máis sustentable e ecolóxica, para todos os cidadáns e cidadás.

Por todo iso, é necesario ter un orzamento comunitario que dote de medios reais a propostas como o Alicerce Europeo de Dereitos Sociais ou a consecución dun Contrato Social Europeo.

A Unión Xeral de Traballadores sempre se considerou europeísta e defendeu a idea de que xuntos os pobos de Europa podemos construír un futuro mellor neste continente.

BOLSEIROS: EXPLOTADOS E SEN CONTRATOS

Redacción.- Na celebración do día Internacional do Bolseiro, o pasado mércores, UGT manifestou unha vez máis a súa solidariedade para este colectivo de mozos e mozas que está a sufrir condicións de traballo máis que precarias, xa que non cobran nin cotizan e en moitos casos están a enmascarar postos de traballo que podería cubrirse por medio dunha contratación laboral. O máis lamentable é que este sistema está tan instaurado nas relacións laborais actuais e é unha fraude que esta sociedade tende a normalizar. Está a normalizarse que unha persoa nova poida ser discriminada laboralmente só polo feito de non ter experiencia laboral previa.

Así, os datos da Enquisa de Poboación Activa, relativos ao primeiro trimestre de 2019, mostran que os contratos de aprendizaxe, formación e práctica representan menos do 10% da contratación no noso colectivo e cada vez acódesse menos a este tipo de modalidade contractual, dado que dos 71.900 asalariados menores de 25 anos que accederon a este tipo de contratos de formación perdéronse o 13,8% da devandita contratación respecto aos datos da EPA do mesmo trimestre do ano anterior. É máis, no caso de empresas con máis de 500 persoas en persoal apenas se utiliza este tipo de contratos. Concretamente, en-

tre o 2014 e 2018 só representaron o 0,6% dos contratos formativos e o 1,4% dos de prácticas.

Pola contra, o número de bolseiros non para de crecer pois en cada curso escolar, segundo datos dun Informe de Estudos Universitarios do MEC, xéranse máis de 400.000 prácticas non laborais, que se cobren por estudantes bolseiros por un convenio entre o seu centro e unha determinada empresa. Nesta cifra englobanse dous tipos de prácticas, as que forman parte do proceso formativo, chamadas curriculares, que son obrigatorias para os estudantes, así como as prácticas extracurriculares que non forman parte dos estudos e que son voluntarias. Sendo o dato máis relevante que máis do 80% de ditas prácticas non ofrece nin unha remuneración nin unha cotización á Seguridade Social.

Por todo iso, desde RUGE reevidicamos que exista, por medio dunha lexislación específica como é o Estatuto das Prácticas non Laborais, unha actualización de todo o sistema de bolsas que garanta:

- Un control correcto de que as prácticas serven para o seu labor formativo na empresa, reforzando a figura dos titores e introducindo aos representantes dos tra-

balladores como peza fundamental na defensa desas persoas bolseiras e supervisar a súa situación.

- A laboralización das prácticas extracurriculares, entendendo que estas non responden á superación dunhas competencias concretas para a obtención dun título e por tanto debe converterse nunha figura laboral como xa existe na actualidade, contrato en prácticas. Non se pode xustificar a existencia destas aludindo que hai plans de estudos que non recollen as prácticas, ao contrario, se o consideramos un elemento de aprendizaxe tan necesaria, deberemos actualizar os plans de estudos para que recollan eses períodos de prácticas.

- Límite de bolseiros por número de persoal, evitando fraudes que existen na actualidade cuxa produtividade da empresa baséase en manter un número moi elevado de bolseiros, que en moitos casos superan ao número total de persoal.

Estas son modificacións básicas, que deben ser abordadas na súa totalidade, na mesa de Diálogo Social, tal e como se recolleu no Plan de Choque polo Emprego Novo asinado o pasado mes de decembro.